

VARIEDADES INTERNAS DA LINGUA (Temas 2 e 3 de lingua)

- As linguas son realidades complexas e variables con variación interna.
- As variacións internas dependen de factores temporais, socioculturais e situacionais.
- Tipos de variacións
 1. Temporais, históricas ou diacrónicas: variacións na historia da lingua.
 2. Xeográficas ou diatópicas: distintos modos de falar segundo a zona onde se viva.
 3. Socioculturais ou diastráticas: segundo o nivel cultural e o grao de corrección lingüística ao falar.
 - **Nivel culto**: usado por persoas cun alto nivel cultural. Lingua coidada.
 - Características
 - pronunciación adecuada,
 - corrección sintáctica,
 - riqueza léxica
 - abundancia de adxectivos.
 - **Nivel medio**: corresponde á **lingua estándar**. Usada pola maioría da poboación e os medios de comunicación.
 - Características
 - Corrección lingüística.
 - **Nivel vulgar**: propio de falantes con escasa formación que descoñecen as normas lingüísticas.
 - Características
 - confusión na pronuncia dos fonemas
 - concordancias incorrectas
 - pobreza de vocabulario
 - expresións malsoantes
 - uso de palabras baúl.
 - **Linguaxes específicas**: maneiras de falar de determinadas profesións ou grupos.
 - *Linguaxes técnicas ou tecnolectos*: vocabulario técnico e específico:
 - Linguaxe dos médicos
 - Linguaxe dos deportistas
 - Linguaxe dos informáticos, etc.
 - *Xergas*: carácter críptico (para que non o entenda quen non pertence ao grupo)
 - Barallete: lingua dos afiadores ourensáns.
 - Xerga dos cesteiros de Mondariz
 - Verbo dos arxinas ou dos canteiros
 - Xergas xuvenís
 - uso de neoloxismos
 - invención de palabras novas
 - deformación de palabras
 - abreviacións.
 4. Situacionais ou diafásicas: modalidades de fala que escolle o/a falante segundo a situación.
 - Depende de:
 - A intención comunicativa (informar, dar opinión, dar unha orde, etc.)
 - O tema a tratar
 - O/a destinatario/a: segundo o grao de familiaridade entre os interlocutores.
 - A situación comunicativa: segundo sexa formal ou informal.
 - Distinguimos entre:
 - **Rexistro formal**: en situacións solemnes, de distanciamento do interlocutor. Úsase o nivel culto (lingua coidada, correcta e precisa)
 - **Rexistro informal**: é o máis común (sobre todo no oral), propio de situacións de familiaridade e confianza. Soe usarse o nivel medio ou o vulgar, dependendo do falante.
 - Caracterízase por
 - frases breves, ás veces inacabadas,
 - uso de frases feitas,
 - léxico restrinxido, palabras comodín, onomatopeas,
 - expresividade moi marcada: interrogacións, exclamacións, diminutivos, etc.